

ADXUDICACIÓN DIRECTA DE PARCELAS QUE QUEDARON VACANTES NO CONCURSO PÚBLICO DE VENDA E CONCESIÓN DE DEREITOS DE SUPERFICIE DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL

Prazo de presentación con prezos bonificados:

DENDE O 29 DE SETEMBRO DE 2026, AS 00:00H

ATA O 30 DE NOVEMBRO DE 2026, AS 23:59H

➤ OBXECTO

Regular a venda e a constitución de dereitos de superficie sobre as parcelas propiedade de Xestur. **(Ver ANEXO II- Parcelas dispoñibles).**

➤ PARA QUE?

Facilitar o asentamento de novas empresas e converter a Galicia nun polo de atracción de novas industrias e xeración de emprego.

➤ PARA QUEN?

Calquera persoa física ou xurídica.

No caso das persoas xurídicas deben acreditar a representación da sociedade.

➤ CONDICIÓN. (As mesmas que as previstas na fase de concurso)

- ✓ **Edificar** e obter habilitación para a primeira **actividade** no **prazo máximo de 3 anos**.
- ✓ No caso de compra de parcelas, compromiso de **manter a actividade durante 10 anos**, como mínimo.
- ✓ No caso dereito de superficie, compromiso de manter a actividade durante 15 anos, como mínimo. (Só se adxudicarán parcelas en dereito de superficie previa declaración de "proxecto empresarial singular" polo Consello de Administración de Xestur, S.A.)

» PREZOS

- ✓ Os prezo con bonificación teñen o carácter de prezos mínimos. Non se adxudicarán parcelas por un prezo inferior.

» BONIFICACIÓNS

- ✓ Segundo o previsto no prego.
- ✓ Terán unha vixencia no tempo **ata o 30 de novembro de 2026**.
- ✓ As solicitudes posteriores a esa data, no lles será aplicable a bonificación.
- ✓ O Consello de Administración de Xestur, S.A., mediante acordo motivado, poderá deixar sen efecto a bonificación de prezos con anterioridade a data antes referida.

» FORMA DE PAGO

- ✓ Prezo Bonificado. 100% do prezo ao contado + IVE no prazo máximo de tres meses dende que se lle notifique a adxudicación.
- ✓ Dereito superficie: 8 primeiros gratuíto. Seguintes anos canon do 3,5% do prezo ofertado.

» FIANZAS

- ✓ O 5% do importe da parcela sen bonificar, que deberá acompañar ao resto de documentación esixida.

» DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR

- ✓ Modelo de solicitude de parcela cuberto e asinado (Anexo I).
- ✓ Xustificante de ter depositado a fianza do 5% do prezo base sen bonificación da parcela/s solicitadas/s (Anexo II).
- ✓ CONSULTAR a documentación esixida no punto 10.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR das bases que rexeron no Concurso público

» PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

- ✓ En calquera dos rexistro públicos conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, dirixidas á Xerencia de Xestión do Solo de Galicia a través do procedemento normalizado con código de procedemento normalizado con código de procedemento PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, sempre que vaia acompañada do xustificante da garantía
- ✓ No suposto de que unha vez presentada a solicitude se lle requira por parte de Xestur, S.A. algunha corrección, emenda o complemento da documentación presentada, entenderase como data de presentación da solicitude aquela na que foi emendada a documentación.

» CRITERIOS DE PREFERENCIA

- ✓ Para o caso de que se presenten varias solicitudes de adxudicación directa sobre a mesma parcela **TERÁ PREFERENCIA o solicitante que a presente en primeiro lugar**, salvo os casos excepcionais de adxudicación directa previstos no apartado 18 das bases, que terán preferencia mentres non se adxudique a parcela polo Consello de Administración de Xestur, S.A. a outro solicitante.

» PARCELAS DISPOÑIBLES

- ✓ Na páxina web de Xestur, S.A. publicaranse as actualizacións.

» ACTIVIDADES EXCLUÍDAS

- ✓ **Non** se poderán solicitar parcelas para o seu **aluguer** nin para ser destinadas a construción de edificacións para o aluguer destas a terceiros.